



Os problemas do xabaril (*Sus scrofa*) coa poboación rural de Galicia.

SERGIO LAMOSA BALADO

XANA ÁLVAREZ BERMÚDEZ e ENRIQUE VALERO GUTIÉRREZ DEL OLMO

CURSO 2019/20

RESUMEN: Trátase de estimar as poboacións de xabaril en Galicia mediante medidas indirectas, analizando os datos dos accidentes nas estradas, os danos a cultivos e as capturas de caza. Unha vez tratados, analízanse os datos do 2014-2018 e compáranse cos existentes no traballo do 2014, do período 2006-2014. Ó final, resúmese a situación xeral, xunto recomendacións para un futuro traballo.

Tanto os danos a cultivos coma os accidentes nas estradas, xeran conflitos socioeconómicos cada vez máis frecuentes entre condutores e agricultores fronte ás administracións correspondentes.

A solución baséase nunha adecuada xestión da especie pero, para logralo, deberíaase coñecer primeiro a situación real na que se atopan as súas poboacións no territorio.



Analizáronse os datos e comprobouse a súa distribución territorial, concluíndo que, para a obtención de mellores resultados, sería idóneo recibir máis información e máis precisa por parte das fontes de datos, co fin de mellorar o estudo e achegarse máis á situación real da especie en Galicia.